

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D. Francisco Xabier Pintor Vázquez

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 31 de maio de 2012.

Sendo as 20:05 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2012.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2012 E CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DESTA ENTIDADE LOCAL.***

Intervén o Sr. García Couso para expoñer que quere ler, en base ao artigo 92 nº1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, un escrito, a través do cal solicitamos, en nome do Sr. Bermúdez Taboada e do seu, deixar sobre a mesa a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012 e cadro de persoal o servizo desta entidade local, polos seguintes motivos:

1.- Nos, como concelleiros do grupo político do BNG, en ningún momento fomos convocados por parte do alcalde, para participar na elaboración destes presupostos, nin tan sequera no que atinxe as súas áreas.

2.- Esta proposta de orzamentos non foi presentada á Asamblea Local do BNG para o seu coñecemento e aceptación, no que se refire as liñas xerais.

3.- O proxecto de orzamento vai en contra das liñas programáticas do BNG, destacando especialmente:

a) Privatización do servizo de axuda no fogar.

b) Redución do orzamento de gastos en acción social, en mantemento, conservación e acondicionamento das vías de comunicación e edificios municipais, e en actividades deportivas.

c) Incremento de partidas como: órganos de goberno, equipamento da radio municipal, festas populares e festexos.

d) Contratación de persoal de confianza sen o coñecemento nin a aprobación da Asemblea Local do BNG.

De non deixalo sobre a mesa, obrigáranos a votar en contra destes orzamentos, para presentar alegacións aos mesmos.

Indica o Sr. alcalde que el nunca foi chamado para a elaboración de ningún orzamento, e non lembra que nunca se levara ningún orzamento á Asemblea Local do BNG.

Solicita o uso da palabra o secretario para informar que, se nos atemos ao disposto nese artigo 92 nº 1 do R.O.F., a petición, de que o orzamento quede sobre a mesa, deberá formularse durante o debate deste asunto; polo que, en consecuencia, o primeiro que procede facer é ler o ditame da Comisión especial de contas, economía e facenda; e despois abrir unha rolda de debate.

Acto seguido, por indicación do alcalde, o secretario pasou a ler o ditame emitido por dita comisión, na sesión celebrada o pasado luns día 28 de maio, no seguinte sentido:

“Polo presidente desta comisión, o Sr. Bermúdez Taboada (do BNG) realizouse a seguinte exposición.

-Que como membro do goberno e presidente desta comisión non participou na elaboración deste orzamento, nin tan siquiera na parte que lle correspondería a súa área (obras), polo que non está moito en condicións de explicalo.

-Que hai unha serie de cousas que viu no orzamento que lle gustaría comentalas, entre elas as seguintes:

• Como xa se preveía, non se presupostan na súa totalidade as sete prazas de axuda a domicilio, senón só polos meses que se preve que teñen que seguir traballando as traballadoras, mentres a empresa que resulte adxudicataria non se faga cargo do servizo. A contratación da empresa levase a cabo aínda que hai unha disconformidade de varios membros da Corporación e incluso habendo un recurso presentado polas tres traballadoras do servizo de axuda no fogar.

• Diminúen considerablemente as partidas para mantemento e conservación de edificios e de vías públicas; e isto a pesar de que no exercicio 2011 había un remanente, e parte del adicouse a ese tipo de actuacións, especialmente para vías municipais.

•Vota en falta obras, das que se falou cos responsables de facenda, como é a mellora de abastecemento de auga na rúa de Lugo na súa marxe dereita, aínda que se fixeron algunhas actuacións non quedou de todo resolto, porque facía falta un investimento aproximado duns 50.000 euros para aumentar a capacidade da estación

de bombeo; o mesmo que o saneamento en Teiraboa, que queda tamén fóra do orzamento, e incluso unha partida para cambiar unha desbrozadora que esta en fase terminal, para a que se pedira un presupuesto, para substituíla.

- Diminuíu un 12,11% o presuposto para acción social e un 6,14% en educación.

- Hai un incremento para órganos de goberno de un 6,29%.

Engade que esta desexando coñecer a opinión dos concelleiros da oposición, porque se nos tratou case coma delincuentes aos que estivemos na anterior lexislatura.

- Que ten un cadro, que mostra a comparativa do gasto presupostado para órganos de goberno nos anos 2011 e 2012, que pasa a ler, no seguinte sentido:

	Orzamento ano 2011	Orzamento ano 2012
Concepto	Importe (euros)	Importe (euros)
Retribucións alcalde e tte. alcalde	79.319,59	63.613
Seguridade social alcalde e tte. alcalde	13.704,16	20.706,05
Retribucións persoal eventual	24.077,98	23.901,70
Seguridade social persoal eventual	7.497,41	7.433,97
Atencións protocolarias	7.000,00	5.019,86
Asesoría Xurídica	22.210,00	23.200,00
Subvención grupos políticos	4.800,00	12.360,00
Asistencias órganos colexiados	16.600,00	30.000,00
TOTAL	175.209,14	186.234,58

Polo que incrementouse o gasto no 2012 con respecto ao 2011 en 11.025,44 euros (6,29%).

- Sorprenden os seguintes incrementos: do 19% para gastos da radio municipal, e a contratación de persoal para imprevistos, tamén se incrementan as axudas para festas populares e festesos.

Deseguido abriuse unha rolda de debate, realizándose as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para preguntar ao secretario: ¿A que Pleno se vai levar este orzamento? Contestandolle que supón que se levará á sesión que se celebrará o vindeiro xoves.

Pregunta ¿Se iso é legal, se non tería que ir a un pleno extraordinario?

Contestalle o secretario que o orzamento municipal pode levarse a unha sesión ordinaria, e neste Concello non é a primeira vez que se fai.

Deseguido indica:

-Que hai algún tempo se lles entregou unha documentación do orzamento incompleta, aínda que o alcalde dixo na radio que xa se entregara cun mes de antelación, o que se entregou era soamente unha parte das cifras e faltaba todo o que

era o cadro de persoal, memorias, informes, polo tanto e dificultoso estudar este tema sen ter os datos completos.

- Que resaltaría que hai unha baixa substancial dun millón de euros, con respecto ao orzamento de 2011, pero habería que matizar esa cifra, porque para atención a servizos e mantemento e investimentos vai ser moi complicado o que resta deste ano.

- Que non comparten moitas cousas neste orzamento, unha delas e o mantemento do persoal eventual de confianza política, para a secretaría da alcaldía, porque estamos nun momento de crise e podíase apoiar nos funcionarios ou no persoal laboral; habería que aproveitar os medios que se teñen.

- Que, no tema de axuda a domicilio, esta sen resolver o tema da subrogación, porque e un tema que corresponde as traballadoras, xa que non se trataba dun servizo privado que existira previamente, senón que se trata dun servizo que está xestionado polo Concello, e considera que se debe seguir dotando esas prazas durante todo o exercicio 2012.

- Que teríase que estudar o cadro de persoal, en canto a dotar novas prazas e aos cargos mais altos, conxelando ou rebaixando unha parte do soldo para poder atender peticións que considera que deberían incluírse no orzamento.

- Que lle chegou hoxe unha petición, na que se pide unha axuda para o deporte de alta competición, e habería que atendela.

- Que, no caso do director do conservatorio, habería que someter tamén a unha redución do soldo, pero tratando sempre de garantir o posto de traballo e habería que axustar os soldos as circunstancias actuais, polo que necesitariase traballar ese tema.

- Que non sería necesario a nivel local, pero si se quere mancomunadamente a praza de Administración especial e arquitecto que xa se recurrirá no seu momento, habería que estudar o cadro de persoal e negociar a posibilidade de mancomunarse a nivel urbanístico.

- Que os investimentos son moi baixos, habería que reducir a axuda as festas, e sacar algo diso para atender os servizos básicos.

- Que debemos establecer unha negociación, e que o orzamento vaia a un Pleno posterior, isto é unha primaría aproximación porque a nós non se nos chamou a negociar, polo tanto hai que tomarse un tempo para poder encaixar todas estas cifras, e facer que a crise se note o menos posible e manter o nivel de investimento un pouco mais alto.

- Que en principio votara en contra ata que se cambie o nivel de gastos e a reestruturación dos gastos.

**Da Sra. Castro Pampín (do PP), para manifestar:*

- Que aínda están revisando o orzamento e como non tiñamos tampouco a documentación completa estamolo estudiando.

-Que entenden que, en tempos de crise, e aínda mais complicado elaborar uns orzamentos.

-Que están tamén mirando o axustar un pouco o tema dos soldos, as novas prazas pero aínda nono teñen moi concretado.

- Que a súa postura irá un pouco polo tema de reestructurar gastos.

Polo que o voto aínda non o teñen decidido.

**Da Sra. Varela Duro (do BNG), para expoñer:*

• Con respecto as manifestacións do Sr. Bermúdez Taboada:

-Que na tabla que presentou o Sr. Bermúdez Taboada, incidiu bastante no tema dos soldos e seguridade social, e vota en falta nesta taboa todos os gastos de persoal, xa que hai unha diferenza con respecto ao ano 2011; e na aclaración que fai a interventora non aparecen dotadas as prazas de arquitecto nin de auxiliar administrativo para asuntos económicos.

-Que nesa taboa tampouco contemplase cal é a diferenza de soldos entre actual alcalde e tenente alcalde con respecto aos anteriores, porque as cantidades son cuantitativamente importantes, iso considera que debería de estar explicado e comparativamente posto, para poder ver esas diferencias de maneira clara e exhaustiva.

-Que se non se contemplaron as prazas de axuda a domicilio, foi porque estamos pendientes de contratar a xestión.

-Que as alegacións que presentaron as traballadoras de axuda a domicilio xa se resolveron, e esas alegacións non impiden levar a cabo a contratación da empresa.

-Que indicou o Sr. Bermúdez Taboada que votaba en falta as obras de abastecemento de auga na marxe dereita da rúa de Lugo e o saneamento en Teiraboa; e pregunta ¿se estas obras non foron abordadas na anterior lexislatura pola empresa Canarga?

Indica o Sr. Bermúdez Taboada que na anterior lexislatura fixéronse moitas obras, aínda que todas non se deron feito.

Segue coa súa intervención a Sra. Varela Duro, manifestando:

-Que, a partida para a desbrozadora, preguntalle oa Sr. Bermúdez Taboada ¿se llo comentou a alguén que facía falta?

- Que, respecto a que se incrementou a partida para festesos, supón que o compromiso electoral do BNG, de dar 600 euros as parroquias, seguirá en pé.

Con respecto as manifestacións do Sr. Pintor Vázquez:

- Que indica que a documentación do orzamento está incompleta, e supón que así sería, pero non cre que nas anteriores lexislaturas tiveran un pequeno dossier sobre as contas, aínda que fora a modo de resumo, porque aquí sempre houbo queixas por

parte dos grupos políticos de que sempre se tiña a documentación a última hora, e agora levades un mes cun pequeno dossier que se dou con bastante antelación.

-Que fala que hai crise, pero o grupo de PSOE platexou unha axuda de 300 euros para os grupos políticos e 10 euros por concelleiro, tamén haberá entón que empezar por ahí a reducir.

-Que o Sr. Pintor mentiu claramente na prensa cando dixo que a contratación da axuda a domicilio se fixera sen contar co persoal, e iso e mentira, porque houbo como mínimo dúas reunións coas traballadoras do servizo de axuda a domicilio aquí mesmo; e o Sr. Pintor Vázquez sabeo.

-Que tamén lle chegou á tenente de alcalde unha petición de axuda para o deporte de alta competición, e o concelleiro de deportes no seu momento non dixo que había unha necesidade de incrementar a axuda para os deportes, puido facer chegar esa necesidade ao alcalde ou á concelleira de facenda, para que se incrementara unha cantidade para deportes.

-Que ten unha nota que asinaron o Sr. Gómez Alamancos, a Sra. Amenal, o Sr. Iglesias Gómez, solicitando unha partida especial para deportes, logo se había necesidade desa partida o concelleiro de deportes puido pedila antes.

- Que o Sr. Pintor tamén fai mención a esa petición; pois ben, sendo concelleiro tamén puido vir aquí e pedir algo mais para ese deporte de élite.

- Que, en canto a que non se negociou o presuposto, cre que agora a oposición negocia co equipo de goberno mais do que se negociaba anteriormente.

Remata esta intervención indicando que, tanto o alcalde como a tenente alcalde, se é preciso que veñan a esta sesión para realizar algunha aclaración, non terían ningún problema en asistir.

**Do Sr. García Couso (do BNG) que quere intervir por alusións, e tamén ten algunha que puntualización que facer, tanto no que respecta a súa area de deportes coma dos orzamentos en xeral; polo que manifesta:*

- Que, respecto o tema do deporte, el non foi chamado nin se lle preguntou, coma se facía antes, canto sería a cantidade que se tería que poner para deportes.

- Que, nalgunha xunta de concelleiros, avisou de eventos que se ían a programar en deportes e que esixen unha partida económica, non se lle respondeu nin aparece nos orzamentos; pero sí que se lle vai facer fronte, porque hai ese compromiso adquirido, e tanto o alcalde coma os outros membros do goberno teñen coñecemento diso.

- Que en concreto as actividades extraordinarias para este ano serían:

•As finais das escolas deportivas: participan 11 concellos e as finais dos equipos que se clasifican realízanse cada ano nun concello, este ano tócalle ao de Arzúa e polo tanto iso vai suponer un coste especial que se pode aproximar a 2.000 e 2.500 euros.

• Hai o compromiso adquirido do Campeonato Galego RAID deporte de aventura, que se vai realizar a finais de setembro, organizado polo equipo de bombeiros de A Coruña, no que habería entre 180 e 240 participantes, o que tería tamén un coste aproximado de 2.000 euros.

Que isto era coñecido pola concelleira de facenda, polo alcalde e polos demais membros do goberno e sen embargo a partida para para actividades deportivas, con respecto ao ano pasado, diminúe nunha cantidade de 1.629 euros aproximadamente.

-Que, con respecto a petición para os deportistas de élite, el non é o incitador dese escrito, pero está totalmente de acordo con el

- Que se a Sra. Varela Duro lle adianta que as partidas para deportes non se van modificar, se cadra a súa posición tamén se modifica, porque entende que a situación do deporte en Arzúa e algo singular e recoñecido por todos.

- Que Arzúa ten en fútbol sala, nun equipo de 1ª división, a Diego Quintela; e entendemos que as axudas do concello para este tipo de deportes non teñen moito sentido, porque son deportes mediáticos que teñen os seus ingresos.

-Que hai outro deportista, chamado Pablo Insua, que esta ca selección Sub-19 participando nun campionato en Italia, pero os gastos corren a conta de federación.

-Que con respecto a outros deportes, en concreto centrándonos en dous deportistas vinculados a clube de natación, no caso de Oscar Pereiro que é actual campión de España de 50 metros espalda, que está cunha beca en Estados Unidos, e que vai participar nas probas clasificatorias para os campionatos europeos, cando ven aquí necesita moitos medios económicos.; e, no outro caso de Diana Cotón, está seleccionada coa selección española para participar nos campionatos do mundo, tamén esta becada no centro de alto rendimento de Pontevedra, pero as actividades destes dous deportistas non llas cubren.

Polo que lle foi solicitada unha axuda individual, en concreto para estes dous deportistas, e tamén llo solicitaron ao alcalde persoalmente, polo tanto tamén era coñecida. Consultou coa interventora para poder dar esta axuda, pero a nivel individual non hai ningún tipo de axudas para persoas en concreto, e el intentou que iso se derivara nunha axuda ao clube de natación, pero eles non queren, porque podería derivar nun agravio con respecto aos deportistas que teñen no clube.

- Que considera que o concello debería habilitar unha partida de axudas a deportivas de alto nivel, para a súa preparación e participación en eventos deportivos.

-Que quere facer as seguintes concrecións con respecto ao orzamento, para motivar a súa posición individual e o seu voto:

• Estrañalle que no orzamento apareza aumentada do ano pasado unha partida de 9.000 para a policía municipal, se ben é verdade que hai unha praza vacante, pero a convocatoria desa praza leva un proceso cuns trámites, e incluso despois de aprobar o proceso, ao ter que realizar un curso na Academia, suporía a imposibilidade de toma de posesión antes de rematar este ano; polo tanto pensa que non cabe o aumento desa partida que incluso podería ser diminuída.

- Aparece un incremento dos gastos de mantemento do alumeado de 25.000 euros, estrañalle ese aumento e as présas con que se levou a cabo esa contratación, pero o custo é bastante elevado con respecto aos anos anteriores.

- No caso de servizo público de parques e xardíns hai un incremento 23.800 euros e crea que este servizo estaba externalizado e sen embargo nas bases do orzamento vai a contratación dunha persona como xardineiro; e dicir, elimínanse as prazas de axuda a domicilio, que é un servizo básico, e sen embargo establécese a contratación dun xardineiro.

- Auméntanse partidas como a de turismo en cantidades apreciables.
- Aumenta a axuda para equipamentos da radio municipal nun 209%.
- Tamén hai unha partida extraordinaria, que non aparecía nos outros orzamentos anteriores, de 10.000 para comercio.

**Do Sr. Pintor Vázquez (PSdeG-PSOE):*

-Que cando se fala de negociar, e sentarse e poner as cartas sobre a mesa, establecer un calendario de negociación e chegar a acordos, a Sra. Varela Duro di a verdade de que antes nunca se entregara ese avance do orzamento, pero tamén se falara incluso coa interventora de que era necesario completar o documento para ver as cifras, pero non se pode ir presumindo de que se entrega cando as cousas se entregan a medias e un non pode tomar decisión.

-Que se se quere chegar a acordos hai que falalo e negociar.

-Que, respecto a mención que fai a Sra. Varela Duro sobre as aportacións dos grupos políticos, está perfectamente xustificada esa aportación, no sentido de que incluso supón un aforro para o concello, porque se se retira esa aportación o seu grupo ven instalar a oficina no Concello, porque presentar recursos e mocións supón un gasto e un tempo de estudio e consulta.

- Que, respecto a mentiras da nota de prensa, a proba de que nós non mentimos e que as traballadoras de axuda a domicilio presentaron un recurso, polo tanto é que non están de acordo, e non se pode recoller nunha acta que según conversas mantidas se supón que están de acordo.

- Que, no tema de deporte, esta de acordo co que dixo o Sr. García Couso e xa o explicou el moi detalladamente.

- Que as circunstancias obrigan a negociar, antes había unha maioría absoluta e agora non, e votamos en falta unha negociación continuada.

**Da Sra. Castro Pampín (do PP) para indicar: que non ten constancia desa solicitude de axuda a deportistas de elite, pero parecelle ben sempre que se poida*

apoiar ao deporte, aínda que lle parece inxusto que se cargue sempre ao Concello, a familia ten tamén que poñer da súa parte.

**Toma a palabra a interventora Sra. Castro Fernández para aclarar que o presuposto é a expresión numérica das decisións que adopta o equipo de goberno, non a interventora, e ela só asesora de forma técnica que facturas teñen que ir, a clasificación.*

O presuposto e un documento que contén decisións políticas.

**Da Sra. Varela Duro (do BNG):*

-Que esta de acordo en que hai que apoiar ao deporte de elite, pero chega un momento que o concello ten que reducir gastos, e o concello non pode subvencionar a todos os deportistas de elite que saían.

- Que se hai unha diminución na partida de deportes, dada a situación que hai, non é para ponerse a chorar. Segue insistindo que o concelleiro de deportes puido vir polo concello e pedir que se lle aumentara esa axuda para o deporte, e non o fixo pola razón que sexa.

-Que a nota de prensa tena gardada, e pon que se contrata a empresa sen negociar coas traballadoras.

-Que tamén se di que non é necesario o persoal de confianza, pero para a imaxe do concello é importante que estea sempre a mesma persoa no despacho da alcaldía.

** Do Sr. García Couso:*

-Que, a axuda a o deporte, trataríase dunha axuda non de cubrir todos os gastos, sería unha cantidade para incentivar a participación, pero nunca ía a cubrir os gastos de desprazamento, estancias etc..., iso non suporía unha carga para o concello, porque estamos pedindo que haxa unha partida concreta, o límite estaría na cantidade que se meterá nesa partida, e unha vez esgotada esa cantidade o concello non tería máis carga.

-Que el non foi pedir a axuda para o deporte porque non llo solicitaron os responsables actuais.

**Do Sr. Pintor Vázquez para manifestar:*

- Que se está confundindo o que e unha reunión cunha negociación, a negociación e moito máis seria, e se houbera negociación xa o propio prego de condicións –elaborado para a contratación da xestión de axuda a domicilio– plasmaría iso, e obrigarlle a empresa a unhas certas garantías con esas traballadoras.

E, se esa empresa non cumpría esas garantías, entendiase que había un incumplimento do contrato e polo tanto podía rescindir o contrato.

- Que se acorda moi ben da nota de prensa pero, ao mellor non aclaraba ben a cuestión.

A requirimento da concelleira de servizos sociais, Sra. Varela Duro, a funcionaria Marta Pérez Iglesias, asistente tamén a esta sesión, que elaborara o referido prego de cláusulas administrativas particulares, expuxo:

- Que o tema da subrogación de persoal é un tema tan complicado que incluso hai avogados laboristas que están especializados exclusivamente nesta materia.

-Que existen diferentes tipos de subrogación de persoal, e que cada un deles ten as súas propias consecuencias e tamén os seus propios requisitos de validez.

-Que a subrogación do persoal, no caso das auxiliares de axuda no fogar do Concello, é una subrogación convencional, é dicir, una subrogación que deriva directamente dun convenio colectivo e que polo tanto non ten nada que ver cunha subrogación imposta nun prego de cláusulas administrativas.

-Que cando se fixo o prego xa se aludiu expresamente nel ao articulado do convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, para deixar constancia de que a obriga de subrogar ao persoal derivaba do convenio e non do prego, coa consecuencia inmediata de que neste caso non era necesaria a conformidade das traballadoras para a validez da subrogación, a diferenza do que ocorrería si a obriga de subrogar derivase do prego, en que si que sería necesaria dita conformidade.

Tras todo o exposto o presidente desta comisión de contas, economía e facenda someteu a votación ordinaria a aprobación do orzamento municipal, nos termos en que fora presentado;

Pronunciándose a favor a Sra. Varela Duro (do BNG) e en contra o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE); abstendose os tres concelleiros do Partido Popular (Sra. Castro Pampin e Sres Vázquez Orois e Rodríguez Vázquez) e os dous concelleiros do BNG (Sr. Bermúdez Taboada e Sr. García Couso).”

Deseguido abriuse unha rolda de debate, levandose a cabo as seguintes intervencións:

**Do Sr Pintor Vázquez (do PSdG-PSOE) para manifestar:*

- Que non dúbida da gran responsabilidade institucional que ten o alcalde e o interese que ten en que todo funcione, pero o seu grupo ten un posicionamento e ten a súa forma de ver as contas.

-Que vota de menos que non houbera unha negociación, xa que entregousenos un documento resumo con antelación, pero o documento completo só hai uns días, incluso hai dous días tívolve que pedir a interventora uns documentos complementarios

que lle faltaban; este documento non se negociou e nos temos moitos reparos, se se chegara a negociar chegaríamos a un acordo sen dúbida.

- Que o orzamento baixa un millón e pico de euros, con respecto ao do ano pasado, e con ese orzamento hai que atender os servizos, os gastos correntes e os investimentos.

- Que hai unha diferenza substancial con respecto o orzamento do ano pasado, xa que o orzamento do ano pasado baixara un pouco con respecto a outros anos, aínda que incluía a financiación da travesía de Lugo que supoñía un millón de euros, pero ven habendo unhas baixadas no orzamento tamén nos anos anteriores, porque incluíase un préstamo de 800.000 euros.

- Que agora no tema de activos e pasivos financeiros temos que amortizar o capital e tamén os intereses dese préstamo.

- Que no tema de gastos de persoal baixa un 7,7%, non se consigna a parte do persoal de axuda a domicilio, e consígnase só o tempo que estarán contratadas polo concello.

- Que se propón a praza de persoal eventual, de secretaria ou secretario da alcaldía, e el sempre se opuxo a iso, e mais agora na situación que estamos; e piden que se utilicen os medios persoais que hai no concello; porque considera que neste momento é suficiente a adicación exclusiva do alcalde e a da tenente alcalde.

- Que queremos que se amortice a praza de arquitecto, se esta praza continúa no cadro de persoal como persoal funcionario, eso suporía unha carga para o futuro do concello cando se cubrira, porque o movemento urbanístico é cada vez menor; pero estaría de acordo en que seguira como unha asistencia técnica un, dos ou tres días a semana.

- Que como se expuxo hai dous traballadores aos que lle foi retirada a subvención ou a parte máis substancial dela, para conservar estes postos de traballo habería que axustar o complemento específico dalgún cargo alto do concello, e todo iso habería que negocialo para poder encaixar as partidas.

- Que o director do conservatorio está cobrando 42.000 euros anuais; e referíndose a praza, non a persoa, hai que renegociar esta situación e axustar o máximo posible.

- Que os gastos correntes en bens e servizos redúcense 19.000 euros, os servizos hai que mantelos e as axudas a temas culturais e sociais tamén.

- Que na memoria da alcaldía cre que hai un erro, fálase dunha diminución do 19,60%, e cre que é un 0,88 %.

- Que, en canto aos intereses financeiros do capítulo 3 e 9, respondemos dos préstamos que van a un millón e pico de euros, e habería que tratar de renegociar estes préstamos a un interese máis baixo e a maior prazo, para facer mais comodamente os pagos. Nestes momentos de crise, temos que buscar as fórmulas para que a crise se note o menos posible.

- Que, en canto as transferencias correntes, suben un 54%, porque parece ser que a empresa concesionaria da piscina ten varias anualidades pendentes e, se é así, hai que cumprir co contrato.

- Que nos investimentos reais é de onde hai que sacar para facer obras e servizos, baixou un millón e pico de euros e quedase en 518 mil euros, que supón un 68% de baixa, polo que vai ser moi difícil manter as infraestruturas e os arranxos. Se limamos algunha pequena diferenza poderíamos subir un pouquiño máis esta partida.

Remata a súa exposición indicando que se o orzamento se mantén así, votará en contra, porque non pode renunciar as súas conviccións.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que quere dicir que o trato do alcalde hacia o noso grupo foi exquisito, e que nos adiantou as cifras do orzamento; tamén que o alcalde dixéralle a interventora que me entregara os orzamentos de forma inmediata, e resulta que alguén lle dixo ao Sr. Pintor Vázquez que viñera dous días despois a recollelo, entón e tivo que vir dous días despois para recibilo ao mesmo tempo que o Sr. Pintor Vázquez; polo tanto iso son cuestións que honran ao alcalde, co que non está de acordo en moitas cousas; pero non pon ningunha dúbida da boa fe da súa actuación.

- Que se se nos deron os orzamentos incompletos, pode ser que a persoa que fixo as fotocopias se enganase e deixara sen fotocopiar algunha folla, pero doulle tempo a estudialos e facer unha comparación mínima das partidas.

- Que lle gustaría pedir unha aclaración moi fácil a interventora, pois dise que as retribucións do alcalde e tenente alcalde anteriores eran bastante superiores as actuais, pero en cambio a Seguridade Social do tenente alcalde e alcalde anteriores eran inferiores ¿pode explicar a que se debe esta diferenza?

Contesta a interventora que o gastos en seguridade social do primeiro tenente de alcalde, no anterior mandato, era inferior porque estaba no réxime de Muface; non sabe como funciona Muface, pero -debido a iso- ao concello a seguridade social saíalle máis barata.

Continúa o Sr. Orois Valiño coa súa intervención, indicando:

-Que se quere contratar unha persoa con carácter eventual nun posto de confianza, cunha retribución bruta de 23.901 euros ao ano; e estamos en desacordo con isto, porque é unha persoa que está asimilada ao grupo C1 da Administración, que se lle asigna un nivel 22 de complemento de destino, igual que o dos policías locais que levan vinte anos, polo que vai cobrar máis que os policías locais, e iso parecenos un disparate. Non estamos de acordo con esta contratación, pero tampouco podemos discrepar demasiado porque, vendo a falta de confianza que hai entre a xente do propio equipo de goberno, o alcalde tense que ver só e pode necesitar unha persoa na que confiar e non andar cambiando de secretaria; pero a pesar disto o noso grupo non está de acordo co soldo nin coa praza.

- Que para asesoría xurídica hai unha partida 23.200 euros, e quere dicir que estamos en contra de asesorías xurídicas externas, porque no concello hai un secretario que é o asesor xurídico do concello, hai outros licenciados como funcionarios no concello; e tamén está a asesoría da Deputación Provincial e outras asesorías, ás que se pode acudir. Se hai un feito puntual, no que se precise algo concreto, non nos imos opoñer a que se soliciten os servizos dunha persoa experta para solucionar ese tema en concreto, pero cos tempos que corren non se pode gastar esta cantidade.

- Que, en canto ás subvencións aos grupos políticos, o grupo do PP ao igual que o grupo do BNG cobramos 360 euros/mes, estes cartos utilizámoslos para pagar o local onde temos a sede, en comprar ordenadores e demais cousas do partido; pero non se gastan en festas. Polo que consideramos que deben reducirse as subvencións aos grupos

políticos, e que o grupo socialista -cun concelleiro- non vaia cobrar máis ou menos igual que o grupo popular, porque nos temos seis concelleiros e o grupo socialista un; faremos unhas propostas neste sentido no vindeiro pleno, onde formularemos a rebaixa substancial das subvencións aos grupos políticos, e o que máis trataremos de rebaixar e a subvención do grupo socialista; polo tanto a desproporción que houbo ata agora, que se debía a unhas situacións moi concretas, tamén imolas tratar de modificar, se conseguimos o apoio necesario para facelo.

- Que, en canto á asistencia a órganos colexiados, o grupo do PP cobra 75 euros por asistencia as comisións e por exemplo o pasado día 28 el asistiu a unha comisión, pola que cobrou 75 euros, (e soe cobrar de media ao mes 150 euros, que non lle chegan nin para o gasoil do coche, pero non lle importa porque ven a traballar por Arzúa), porén o Sr. Pintor Vázquez esa mañá cobrou 150 euros, porque asistiu a dúas comisións e el a unha; polo tanto dito concelleiro sempre sae favorecido.

- Que se hai que facer as sesións do Pleno cada dous meses fanse, e se hai que modificar o Regulamento -para aforrar cartos- volvese a facer, porque é outra forma de seguir reducindo gastos.

- Que se está o Sr. Pintor Vázquez tan descontento co Partido Popular, a nivel autonómico, nacional e local, imos ser equitativos co tema das asignacións.

- Que, en canto á xestión de axuda no fogar, o seu grupo foi acusado nunha nota de prensa, polo grupo socialista, de que o goberno municipal de Arzúa de acordo co grupo popular externalizara ese servizo. E pregunta ¿como vai o grupo popular a externalizar nada se iso non é unha competencia do Pleno? eso acordao a Xunta de Goberno Local porque cre que pode aforrar cartos para o concello de Arzúa; pero non se nos pode culpar de algo en que o noso grupo non tivo parte nin tomou ningunha decisión.

As notas de prensa deben ser máis precisas, e non atacar ao Partido Popular de forma constante.

- O voceiro socialista quere reducir o soldo do director do conservatorio e dalgún funcionario máis, e lle gustaría saber de que funcionarios se trata. O grupo do PP e respetuoso cos soldos dos funcionarios, fundamentalmente ca maioría dos soldos que cre que están consolidados; cando haxa unha rebaixa dos soldos cre que debe ser unha rebaixa proporcional con respecto ao que se gaña, pero hai que especificar a quen se quere que se lle rebaixe o soldo e non xeneralizar, porque iso e o máis fácil. El non quere que se lle rebaixe o soldo a ningún funcionario, e se se toma esa medida que sexa para todos, e equitativa.

- Que a praza que se discutiu sempre foi a de técnico de administración xeral e urbanismo, que ten un custo elevadísimo para Arzúa duns 35.000 euros o ano, máis a seguridade social.

Con respecto a persoa que ocupa esa praza ninguén discute a súa capacidade de traballo nin a súa capacidade, pero é un posto desempeñado por unha funcionaria interina, que o Concello de Arzúa non pode asumir. E quere dicir que, ninguén pode perpetuarse como funcionario nun concello cando non hai necesidade dese funcionario; polo tanto hai que ser claro e dicilo.

Non temos nada en contra desa persoa, falouse na comisión que debería ser un servizo mancomunado con outros concellos, pero cando se mancomunen creárase a praza, mentres tanto o concello de Arzúa non ten porque pagar o que non necesita.

Polo tanto pedimos a amortización de dita praza, non queremos deixar hipotecado o concello de Arzúa pola contratación de traballadores que non son necesarios.

-Que, respecto a redución de axudas para festas nas parroquias, non imos permitir que se saquen esas axudas, son 600 euros, pero algunha xente das parroquias paga 200, 300 etc... dos seus bolsillos para facer a súa festa; pero a quen hai que reprocharlle algo é a xente do pobo de Arzúa, porque hai xente que pode e non contribúe con nada.

- Que están de acordo en axudar aos deportistas de élite de Arzúa, e cando recibiu a solicitude para subvencionar a dous deportistas que non poden sufragar os seus gastos, ao día seguinte foi falar co alcalde, e este comprometeuse a que ía buscar a forma de axudalos; para el eso é suficiente.

- Que sobre o que indicou o Sr. Pintor Vázquez de que, se se baixa ou se retira a subvención para os grupos políticos, habería que instalarlles unha oficina no Concello, parecelle moi ben, pero ten que ter en conta que a oficina do grupo do PP-por necesidade- tería que ser un pouco máis grande.

*Da Sra. Torreiro González (do BNG) para indicar que os orzamentos son unha continuación dos do ano 2011, pode haber moi pouca variación; e

♦Con respecto ao que indicou o Sr. Pintor Vázquez, quere dicir:

- Que se o importe do orzamento baixa, débese ao investimento que se fixo na travesía, e dá esa diferenza dun millón de euros.

- Que non sabe ata que punto sería bo pedir unha ampliación na amortización do préstamo de 800.000 euros, en principio sería mellor mirar se se pode pagar tal como esta.

- Que non nos parecía lóxico incluír ao persoal do servizo de axuda no fogar, nos gastos de persoal do orzamento, porque xa se está a punto de acabar co proceso de contratación cunha empresa; só queda abrir o sobre C).

- Que cando estas no concello daste conta que é necesario o persoal de confianza; porque este persoal non esta só para coller o teléfono e tomar notas, da Alcaldía tamén depende todo o persoal do concello e para iso e necesario unha persoa que leve o tema de maneira ordenada.

- Que, tal e como se contratou o posto de traballo de arquitecto, pensa que non é unha partida importante dentro do orzamento do Concello, porque está como asistencia técnica por un ano, polo que non considera que sexa gravoso.

- Que, como a Xunta de Galicia está reducindo as subvencións ao persoal, esto será unha cuestión a ter en conta, porque habería que mirar como podemos manter a esa xente.

- Que persoal do conservatorio tamén considera que é moi caro, pero é unha cousa que temos que ver entre todos; haber se hai outro sistema.

- Que, sobre as transferencias correntes, no tema da piscina, temos pendentes dúas anualidades, a 2011 e a 2012, porque parece ser que a empresa Aquagest, presentou mal as contas.

Remata a súa exposición a Sra. Torreiro González dirixíndose aos seus compañeiros tanto, o Sr. García Couso como ao Sr. Bermúdez Taboada, para decirlles

que cre que non necesitan que ninguén os invite para que veñan o Concello, e para que digan que nos orzamentos vai unha cousa ou outra; nunca lles cerrou a porta do seu despacho; considera que hai que colaborar e intentar sacar adiante o goberno de Arzúa.

*Con respecto ao manifestado polo Sr. Orois Valiño, tamén quere dicir:

- Que ao mellor habería que volver a mirar o incremento dos gastos para os órganos de goberno.

- Que dada a problemática que hai, sobre todo a nivel urbanístico, o alcalde necesita unha asesoría xurídica, para que el se sinta tranquilo.

- Que lle parece ben que haxa plenos cada dous meses, porque este ano tamén se viñeron celebrando cada dous meses; ademais, sempre que haxa unha cousa urxente, pódese convocar un pleno extraordinario.

- Que se falou en varias reunións da contratación da xestión da axuda no fogar, e consideramos que a externalización do servizo é o mellor que se pode facer, dada a falta de subvencións da Xunta, sempre e cando o concello vaía seguir moi de cerca o traballo e traxectoria desa empresa; pensa que é a mellor forma, porque as tres traballadoras non van perder ningún dereito que poidan ter.

- Que a praza de técnico en administración xeral e urbanismo, xa se sabe que é moi cara, pero tamén depende do traballo que realice; quizais co tempo, tal como están as cousas, habería que reducir máis persoal. Teremos que mirar de reducir os gastos e manter os servizos.

- Que subiron os gastos da radio e verdade, temos que poñer unha antena que costa 7.942 euros porque non se oe, debido a que houbo que sacar uns enlaces; por outra parte tamén temos un incremento de 6.115 euros, por dereitos de comunicación que estaban pendentes dende o ano 1998, porque formularono a través do xulgado e agora temos que pagar para poñerse ao día.

*Do Sr. Pintor Vázquez, para expresar:

- Que quere dicirlle a Sra. Torreiro González que, en canto á praza de arquitecto, refírese a que está no cadro de persoal como funcionario; non se está referindo a persoa que está agora atendendo a asistencia técnica; e, en consecuencia, esa praza de arquitecto en calquera momento pódese convocar e pode ser unha carga cara o futuro. Admitiría esa praza en convenio, mancomunidade ou consorciada co resto dos concellos da zona.

- Que, respecto a asesoría xurídica, é unha partida xenérica e espera que se tire dela en función das necesidades, e sempre que sexa posible cos letrados que existen no noso termo municipal, que teñan a cualificación necesaria para atender unha determinada cuestión.

- Que o Sr. Orois Valiño cuestionou a miña honestidade, e quere dicirlle que, cando queira traia propostas aquí, e que se deixe de facer demagogia; que quede claro, el nunca fixo ingreso na súa conta do que recibiu do concello, tanto por asistencia a comisións, como a subvención a grupos políticos.

- Que, en canto a que concrete a que persoal lle hai que rebaixar o soldo, el dixo axustar, e refírese aos funcionarios con habilitación nacional, e negociado na RPT.

- Que considera necesario manter os postos de traballo que hai, sobre todo sabendo que algúns postos están en perigo, e hai que axustar algunhas cuestións para que se poida manter a esa xente; e non crear novas prazas, como é o caso do persoal de confianza, ao cal se opón radicalmente.

- Que en canto o tema de axuda no fogar, houbo unha complicidade co grupo do partido popular.

*Do Sr. Orois Valiño, para indicar ao Sr. Pintor Vázquez:

- Que a demagogía vaine a ver plasmada no vindeiro Pleno, cas mocións que presente; dixo que o tema de subvencións aos grupos políticos vaine propoñer no próximo pleno e así vai ir, polo tanto xa non existe demagogía.

E quere dicir que non dúbida da honestidade do Sr. Pintor Vázquez, nin el pode dubidar da súa.

- Que, cando se fai referencia a funcionarios, hai que indicar que funcionarios, a interventora e o secretario; é está totalmente en desacordo, son funcionarios e hai que respetarlle os dereitos e moitos deles consolidados ou case todos.

Polo tanto o grupo do Partido Popular négase que se colla a dous funcionarios de habilitación nacional e que sexan chivos espiatorios de nada.

- Que vai falar da gran xestión que houbo en tempos atrás no Concello de Arzúa, debense aproximadamente 1.300.000 euros, debido aos grandes xestores que houbo neste concello; así houbo un préstamo de 23 de xullo de 1997, cun un interese do nabor máis 0,25%; cun teito do 8% e un solo de 4%, cre que isto non está equivocado porque estamos pagando por 91.366,15 euros, que estaban pendentes de amortizar, o que supón uns intereses anuais de 3.416 euros; e por outro préstamo de 2 de maio de 2001 a un interese do euribor máis 0,08%, por 126.880 euros o mesmo prazo, págase por intereses 2.437 euros, é dicir, mil euros menos por un capital maior, e nestes 8, 9 ou 10 anos non se renegociou este préstamo; aquel préstamo hai oito anos conseguiríase a un interese do euribor máis o 0,15% como o resto, pero como paga o concello poñense 40 ou 50 mil euros en intereses, simplemente por non mirar nin facer nada. Estos números hai que miralos e con lupa.

- Que outro exemplo sería os gastos de mantemento de ascensores, 11.141 euros anuais, aquí non se renegocia nada, son cousas pequenas que demostran que nunca se fixo nada por renegociar débeda ningunha; iso é así e as cifras non minten.

- Que a praza de arquitecto como funcionario parecelle unha barbaridade, sería unha carga insoportable para os tempos que corren, posto que agora non hai carga urbanística; porque pode vir dous ou tres días a semana ou o tempo que precise.

*Da Sra. Torreiro González para matizar que, respecto o tema da débeda, o concello está moi por debaixo nun 30%, cando a lei permite un 75%, polo que isto é moi importante.

Remata este debate coa intervención do Sr. alcalde, que pasou a expoñer o seguinte:

- Que no tema dos orzamentos quere puntualizar varias cousas:

- Que os orzamentos foron elaborados con moita cautela, e tendo en todo momento o asesoramento dos servizos económicos do concello; porque son os primeiros aos que se enfrontan, tanto el como a concelleira de facenda, e pareceríalles unha conducta suicida cambialos de arriba a baixo; isto é a razón de porque os orzamentos se elaboraron a partir dos do ano 2011. As pequenas variacións que hai débense a que o gasto nalgunha partida foi diferente o inicialmente presupuestado; e pon como exemplo: se para a compra de mobiliario había presupostado, para o ano 2011, 3000 euros e só se gastaron 824 euros, para este ano reducíronse os 3.000 euros a metade, 1.500 euros, e así fíxose en distintas partidas.

- Que no capítulo VI, que é o de investimentos, e é onde se pode dar máis a negociación e participación de todos os grupos, para o que ninguén trouxo propostas; estamos falando de cantidades moi pequenas que non permiten facer grandes investimentos; deste xeito o montante total neste capítulo son 518.900 euros, dos cales 379.700 euros son para POS, co cal quedarían 139.200 euros, cantidade que se decidiu investir nalgunha cousa que viñeron a pedir os veciños, como algún pozo de auga, aumentar un pouco a cantidade para arranxo de vías públicas, porque prevese que non vai haber subvencións, unha antena para a radio, porque perderon os veciños das parroquias onde non se escoita a radio, unha cantidade que o concello ten que poñer para completar un proxecto de aforro de enerxía...

- Que, no apartado de melloras de instalacións deportivas, pasa de 5.000 euros a 3.000 euros, porque o ano pasado estaban presupuestados 5.000 euros e gastáronse 2.274 euros e redondeouse a alta, tendo en conta que neste mesmo capítulo van orzamentados 10.000 euros para sinalizar a ruta de senderismo que existe na ferverza das hortas, que vai posto no capítulo de turismo.

- Que os orzamentos tivésteos con moito tempo, para poder traer propostas, sobre todo os capítulos máis importantes.

- Que no tema de persoal non tivestes ese tempo, pero nunca ocultou a súa intención de ter persoal de confianza en varias conversas, sempre comentou esa intención.

- Que cre necesaria a contratación dun servizo xurídico que defende os intereses do concello, e máis tal e tal como se poñen as cousas para os alcaldes, que cada vez se nos piden mais responsabilidades; daríalle medo ter esas responsabilidades sen que ninguén o asesorara xuridicamente.

- Que se non se aproban os orzamentos non ten problema, non ten moito apego ao cargo de alcalde, e sempre pode ir a vivir unha vida mais tranquila, cando vós queirades e dispoñades.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación do orzamento municipal elaborado para o exercicio 2012 e ao cadro de persoal ao servizo desta entidade local, nos termos en que foron presentados.

Indicando que, en tal caso, os acordos que había que adoptar serían os seguintes:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal do presente exercicio económico 2012, nos termos en que foi elaborado.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo 169 nº 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que –de conformidade con dito artigo- no suposto de no presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 nº 5 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Cuarto.- Aos efectos establecidos no artigo 21 nº 7 do Real Decreto 500/1990, facer saber que as modificacións de créditos, transferencias de crédito 1/2012 e 2/2012, quedán incluídas nos créditos iniciais.

Quinto.- Que, de conformidade, co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remitírase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Sexto.- Aprobar ao mesmo tempo o cadro de persoal funcionario e de persoal laboral ao servizo desta Entidade Local, que figura incluído no expediente do orzamento municipal.

Adoptándose –por catro votos a favor (*das concelleiras do BNG Sras. Varela Duro, Torreiro González e Pereira Rey, así como do alcalde*) e nove en contra (*2 dos concelleiros do BNG, Sras. Bermúdez Taboada e García Couso; 1 do PSdeG-PSOE, Sr. Pintor Vázquez e 6 do PP; Sras. Vázquez Orois e Castro Pampín e Sras. Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro Regueiro e Rodríguez Vázquez*)- o acordo de rexeitar o

orçamento municipal nos termos en que quedou presentado, cos seus anexos correspondentes; o cal se estende tamén ao cadro de persoal que habería que aprobar con ocasión da aprobación do orzamento municipal.

(Manifestando o Sr. Pintor Vázquez que a súa oposición basease nos motivos que expuxo anteriormente).

Punto 3º) MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS NOMEADAS “CAMIÑO EN RÍO (CASTAÑEDA) E OUTROS” E “SANEAMENTO EN BOENTE”, INCLUIDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012.

Adoptado polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2011, o acordo de incluír –no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012- as obras que deseguido se indican, aprobando igualmente os correspondentes proxectos técnicos que foran elaborados polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2011.

Denominación da obra	Presuposto total
Pavimentación contorno igrexa de Burres e outros	90.555,68 €
Camiño en Río (Castañeda) e outros	77.030,20 €
Acondicionamento camiño en Río Vello e outro	82.500,03 €
Saneamento en Boente	48.615,58 €
TOTAL	298.701,49 €

Resultando que, como a Deputación Provincial requiriuse a este concello para que aportase as autorizacións de Patrimonio, relativas a esas catro obras, cursaronse as correspondentes solicitudes, con data 10 de febreiro de 2012; ditándose polo Director Xeral do Patrimonio Cultural, con data 11 de abril as resolucións polas cales se conceden as autorizacións solicitadas, en relación cos proxectos técnicos das catro obras incluídas no POS 2012; cuxas resolucións foron remitidas á Deputación mediante escrito de data 24 de abril de 2012.

Resultando que tendo en conta os condicionantes para a execución das obras, desde os puntos de vista arquitectónico e arqueolóxico, que figuran nesas resolucións, o enxeñeiro de camiños redactor dos proxectos técnicos emitiu uns informes, con data 24 de abril de 2012; nos cales se indica que será necesario redactar un proxecto modificado, adaptado ás recomendacións que conteñen aquelas resolucións, en canto ás obras nomeadas “Camiño en Río (Castañeda) e outros” e “Saneamento en Boente”.

Resultando que sometido este asunto ao ditame da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada para iso o pasado día 28 de maio; dita concesión pronunciouse no seguinte sentido:

“Infórmase que unha vez que se ditaron polo Director Xeral de Patrimonio Cultural, con data 11 de abril de 2012, as resolucións polas que se autorizaba a realización –na zona BIC do Camiño Frances das catro obras incluídas no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2012; como resultaba que –para a execución de dúas desas obras- establecíanse uns condicionantes desde os puntos de vista arquitectónico e arqueolóxico;

Polo enxeñeiro de camiños, que elaboraba os correspondentes proxectos técnicos, don Julio Rojo Martínez, emitíronse os respectivos informes, con data 24 de abril de 2012;

En cuxos informes indícase que será necesario redactar un proxecto modificado, adaptado ás recomendacións que conteñen aquelas resolucións; e iso, en canto a dúas das obras incluídas no POS 2012; en concreto as nomeadas: “Camiño en Río (Castañeda) e outros” e “Saneamento en Boente”.

Non suscitándose debate ningún en relación con este asunto; pola presidenta desta Comisión informativa someteuse o asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros que integran esta comisión- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a modificación dos dous proxectos técnicos elaborados para poder contratar a execución das referidas dúas obras, co obxecto de recoller os condicionantes sinalados nas resolucións ditadas polo Director Xeral de Patrimonio Cultural; sen modificar o importe do orzamento de execución por contrata de ambos proxectos técnicos.”

Resultando que, polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, realizáronse as modificacións de ambos proxectos técnicos, ao obxecto de recoller os condicionantes, previstos nas resolucións que ditara o Director Xefe de Patrimonio Cultural; sen variar os orzamentos totais que figuraban neses proxectos técnicos.

Polo Sr. alcalde decidiuse someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os acordos seguintes:

Primeiro.- Aprobar os proxectos técnicos modificados, redactados para poder contratar a execución as obras incluídas no POS 2012, nomeadas:

-“Camiño en Río (Castañeda) e outros”, por un orzamento total de 77.030,20 euros, e

-“Acondicionamento camiño en Río Vello e outros”, por un orzamento total de 82.500,03 euros.

Segundo.- Remitir á Deputación Provincial dos exemplares de cada un dos dous proxectos modificados, que agora quedaron aprobados, así como dunha certificación do presente acordo.

Punto 4º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE BENS INMOBLES.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. Pintor Vázquez (do PSde G-PSOE) para indicar:

- Que a revisión da ordenanza reguladora do IBI é unha cuestión moi importante para Arzúa, e na última reunión, coa interventora presente, e o técnico de urbanismo e algunha persoa máis, coincidiuse en aplicar o tipo do 0,4%, porque era o menos gravoso para os veciños, e dixémoslle a interventora que modificase a ordenanza en base a ese tipo do 0,4%, quedando o tipo do 1,3% para os bens inmobles de características especiais, como sería o caso do encoro de Portodemouros.

- Que na sesión da comisión informativa levouse a sorpresa de que, tanto do grupo do PP como a Sra. Varela Duro, din que cambian o tipo ao 0,5%, e el segue mantendo a postura de que o 0,4% é suficiente, porque vai subir un 16% a recadación total.

- Que esta modificación da ordenanza está asinada polo alcalde, e en coherencia deben rectificar e manter un 0,4%, dado que hai unha situación de dificultade económica.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que se fala dun incremento do 16%, pero non se di en que prazo, e se cambiamos de criterio foi porque houbo un erro nas contas; como xa explicou a concelleira Sr. Varela Duro, cometerase un erro e no muestreo que fixeron resultou que, co 0,4%, moitas propiedades pasaban a pagar menos e estimouse que ía haber unha baixada da recadación.

- Que quere preguntar ¿de quen foi a idea de pedir a revisión catastral, se se fixo de oficio ou non?, e espera a resposta por parte do grupo do BNG.

-Que o Sr. Pintor Vázquez, cando se acordou a suba da taxa po abastecemento de auga, votou a favor, e esa suba supón bastante mais o ano do que vai suponer o IBI, segundo as contas que lle presentaron.

- Que ata o ano 2022 habería unha redución de ingresos nuns tempos moi difíciles.

- Que os argumentos dados polo BNG, en base a números, convenceronnos se queremos manter os servizos, como a piscina, o conservatori e outros.

- Que o máis preocupante e que a revisión catastral que se fixo, dá de alta unha gran cantidade de granxas, nas zonas rurais onde a xente vai ter que pagar; ahí si que estamos pillados, porque alguén meteu o pau no abelleiro e agora non hai marcha atrás.

-Que houbo unha ponencia que, se nona aprobábamos, podía a Xerencia do Catastro de oficio continuar o procedemento e reclamar os catro anos anteriores;

mentres que, se se aproba a ponencia, pasarían a tributar a partir do ano 2013 os gandeiros; e cre que é mellor pagar a partir do 2013.

- Que, como tiñamos as máns tan pilladas, considera que as explicacións teñen que darllas outros.

- Que confiamos no alcalde e na tenente alcalde, e se nos manifestan que, nun muestreo con números, hai unha perda de recursos para o concello, nos que temos que axudar a gobernar; en consecuencia, como os argumentos que dou o BNG foron convincentes, por iso se cambiou o criterio, sen que houbera para iso ningunha reunión.

* Intervén Sra. Torreiro González (do BNG) para indicar:

- Que é verdade que na última reunión que houbo quedamos en aplicar o tipo do 0,4% e non o 0,5%, pero despois fixemos un muestreo coas trinta vivendas que nos poñían na ponencia e vimos que había recibos que saían negativos; non nos podemos permitir o luxo disto, porque temos moitos servizos e o concello dalgunha maneira ten que recadar cartos; non quere dicir con isto, que teñan que pagar todo os contribuíntes, pero se pagamos entre todos toca a menos.

- Que esta suba reflectese moi pouco, porque é a vinte anos, e os incrementos nos recibos van ser moi pouco.

- Que se subiron, non é para enriquecer o concello, senón para poder manter os servizos.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que ultimamente están chegando recibos, e a xente estase queixando moito, porque se están incrementando os valores catastrais, polo tanto hai bastante diferenza de poñer o 0,4% ou o 0,5%; o 0,4% supón un incremento menor, pero é un incremento.

- Que curiosamente na reunión falouse de que o 0,4 % era suficiente, polo que non entende ese cambio de postura, porque xa sabíamos que había algún recibo que quedaba igual, e tamén se falara das naves industriais que o propio catastro as pode dar de alta de oficio.

- Que mantense no 0,4%, que foi o que se acordou na reunión, e non lle ve ningún motivo para cambialo, hai tempo para iso, deixemos funcionar un ano así a ordenanza, e fagamos contas, porque pódese reformar despois e chegar a ese acordo.

- Que, para non cargar aos veciños de impostos, propón deixar o tipo impositivo no 0,4%, e deixar unha revisión catastral para o vindeiro ano.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que gustaríalle que lle contestase a Sra. Torreiro González ¿se esta revisión catastral se fixo de oficio ou a solicitude de alguén?

- Que nós mantemonos no tipo do 0,5%, porque se nos convenceu de que había un erro, porque baixa a recadación e porque non se pode manter os mesmos servizos con menos cartos.

*Contesta a Sra. Torreiro González:

- Que a revisión foi solicitada polo equipo de goberno anterior; a nós chamousenos da Deputación Provincial para saber se nos interesaba seguir coa revisión, porque eles xa tiñan moi adiantado o traballo de campo; a mediados de abril chamouse ao Xerente de Catastro e pedímolle que viñera a este concello para explicarnos en que consistía, na primería reunión veu o Xerente de Catastro e explicounos o traballo que tiñan feito e díxonos que nos ían mandar as ponencias, para que nos as estudiásemos e para que puxeramos o tipo impositivo.

-Que lle parece que é necesario manter o 0,5%, aínda sendo consciente de que vai subir o recibo, pero tamén é consciente de que hai moitos servizos, e vemos que nos están reducindo as subvencións, e se queremos manter uns servizos mínimos pensa que é necesario que todos colaborem.

- Que o tipo impositivo do 0,5% é o mesmo que xa estaba previsto na ordenanza, trataríase agora de ser un pouco coherentes.

*Intervén o alcalde para indicar:

- Que non se está tratando este tema para que haxa máis recadación no Concello, unha das finalidades do goberno que el representa é manter mentras se poida os servizos e o persoal.

- Que neste momento estase aplicando un tipo do 0,5% en solo urbano e do 0,7% en solo rústico, a proposta e baixar do 0,7% -en solo rústico- ao 0,5%, para nivelar; porque na alcaldía estase encontrando co problema de que dúas casas que están pegadas, ao estar unha en solo urbano e outra en solo rústico, pagan distinta cantidade sendo similares.

- Que no erro nunca houbo mala intención, sucedeu que ao facer o muestreo co 0,4% observouse que había 21 vivendas, de 30 contrastadas, que daban negativo.

*Intervén o Sr. Pintor Vázquez, para indicar que o muestreo é sobre moi poucas vivendas, e hai que ter en conta que vai subir o valor catastral e polo tanto van subir os recibos. Deberemos reflexionar sobre iso.

Remata este debate o Sr. alcalde para indicar que, en ningún momento, se viu afán recadatorio por ningunha parte.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación do artigo 6 (*Reducións*) e o artigo 8 (*tipo de gravame*) da ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal de bens inmobles, nos mesmos termos en que foron presentados na sesión que a Comisión especial de contas, economía e facenda celebrou o pasado día 28 de maio; pero coa matización de que –por razón do ditame emitido por dita comisión naquela sesión- o tipo impositivo será do 0,5% e non do 4% como se presentara entón.

Adoptándose – por dez votos a favor (4 do BNG e 6 do PP) e tres votos en contra (2 do BNG e 1 do PsdeG-PSOE) os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, en canto aos seus artigos 6 e 8; que pasarán a quedar redactados nos seguintes termos:

Artigo 6º.- **Reducións**

“A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

A).- Inmobles cuxo valor catastral se incremente como consecuencia de procesos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valores aprobado con posterioridade ó 1-1-1997, ou aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do TRLRFL.

b).- Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia de aplicación prevista anteriormente e de cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

- *procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.*
- *procedemento de valoración colectiva de carácter parcial.*
- *procedemento simplificado de valoración colectiva.*
- *procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.*

A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67 a 70 do TRLRFL.

Estas reducións en ningún caso serán aplicables aos bens inmobles de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.

No suposto de bens inmobles rústicos, para a aplicación da redución na base imponible establecida no artigo 68 e na disposición transitoria decimoitava, ambos do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establecece un coeficiente de redución do 0,7%, a aplicar sobre a primeira compoñente do valor catastral do inmovible, aos efectos do cómputo do valor base que servirá de referencia para o cálculo do compoñente individual de redución.”

Artigo 8ª.- **Tipo de gravame**

“O tipo de gravamen será:

Para os bens inmobles de natureza rústica: 0,5 por cen.

Para os bens inmobles de natureza urbana: 0,5 por cen.

Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: 1,3”

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, tanto o texto da referida ordenanza, tal como quedaría redactada como consecuencia da súa modificación, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DO NOVO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO BNG.

Por indicación do Sr. alcalde, o secretario diu lectura do seguinte escrito que lle foi entregado ao Sr. García Couso:

“Constituído o grupo político do Bloque Nacionalista Galego, polos seis concelleiros que tomaron posesión dos seus cargos na sesión constitutiva da Corporación Municipal, celebrada o día 11 de xuño de 2011.

Do cal douse conta ao Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, a través do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 16 de xuño de 2011, (rexistrado de entrada ao número 1.455).

E sendo designado naquel momento o concelleiro D. Xosé Inacio García Couso, como voceiro titular de dito grupo político.

Como resulta:

a) Que o Consello Local do BNG, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de abril de 2012, acordou por unanimidade dos asistentes que o Sr. García Couso debía ser relevado das súas funcións como voceiro do grupo municipal do BNG, e

b) Que esta é tamén a postura mantida a lo menos por catro dos seis membros que integramos dito grupo político (Sras. Torreiro González, Pereira Rey e Varela Duro, así como por este alcalde).

Decidiuse polos catro membros indicados relevar dese cargo ao voceiro do grupo político do BNG, nesta Corporación Local, Sr. García Couso; e designar no seu lugar -como voceira titular- á Sra. Varela Duro, e -como suplentes- por orde sucesivo, ás Sras. Torreiro González, Pereira Rey e o Sr. Bermúdez Taboada.

Do cal darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, previa notificación desta decisión ao Sr. García Couso, para que a partir dese momento se absteña de realizar calquera intervención en nome do grupo político do BNG.”

Deseguido tiveron lugar as seguintes intervencións:

* Do Sr Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que é unha cuestión interna do grupo de goberno do BNG, e non se vai meter nesa cuestión.

- Que lle parece que esta cuestión administrouse mal porque, se el ten que tomar unha decisión sobre o seu grupo, faría unha xuntanza e comentario.

- Que dexésalle sorte o Sr. García Couso, independentemente das discrepancias que teñan; e tamén deséxalle sorte a nova voceira.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para desexarlle sorte o voceiro saínte e tamén á entrante.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para manifestar:

- Que ten que corrixir ao Sr. alcalde, porque dixo que non se podían traer o Pleno cousas internas do BNG, pero si que se traen como a mención que se fai no apartado a) deste escrito.

- Que acepta e asume esa decisión, pero asumea especialmente como membro do BNG, e vindo dun órgano do BNG.

- Que entende que é un cese irregular, en canto que non participa en ningunha reunión, non é informado e non se lle pide ningunha opinión sobre o que poidera suponer ese cese.

- Que se lle comunica, a través do conxerse do Concello, nun sobre pechado cun papel que leva o membrete do concello, e non sabe se iso está correcto, porque é unha cousa interna do grupo político do BNG.

- Que cando se fixo a constitución do grupo político e o nomeamento de voceiro, asinou se por todos os concelleiros membros do grupo, mentres que no escrito que se lle entregou faise referencia a que están de acordo catro membros pero non ve a súa sinatura nin coñece a súa posición.

- Que descoñece se outro concelleiro (referíndose ao Sr. Bermúdez Taboada) membro do grupo do BNG, tiña coñecemento desta actuación; e pídelles ao secretario que despois lle informe se é procedente esta maneira de facer as cousas.

- Que o motivo do cese é quitarlle a voz, pola defensa política que fixo dos oito últimos anos do goberno do BNG no Concello; quitaselle a voz pola defensa do programa do BNG e das posicións que se levaron na campaña electoral; quítaselle a voz porque non está de acordo co que parece ser un pacto secreto entre o alcalde e o grupo do partido popular, que se traduce no Pleno nos casos da aprobación da exaltación da figura do Sr. Fraga Iribarne, na aprobación ou rexeitamento dunha moción que presentou o grupo socialista en contra da privatización do servizo de axuda no fogar, no contrato para a conservación e mantemento do alumeadado público; curiosamente neste concurso é o único no que participa a oposición, cando se están resolvendo outros expedientes e non se participa, como por exemplo o expediente para exención do IBI ao señor do Pazo de Brandeso, un militante destacado do Partido Popular de Arzúa, e que lle vai suponer un aforro de máis de 4.000 euros no IBI anual. E ese pacto manifestouse sempre con abstención ou co voto a favor, na medida en que os acordos do Pleno a un ou a outro grupo lles conviña que se levasen a cabo.

Manifesta o Sr. alcalde:

-Que o Sr. Pintor Vázquez esta moi doido co cese do Sr. García Couso como voceiro, pero cre que tería que ter máis motivos para estar doido coas manifestacións que se fixeron na súa contra na pasada lexislatura, que co procedemento levado a cabo para cesar ao Sr. García Couso.

-Que admira a valentía do Sr. García Couso por tratar temas nos que era mellor que estivera calado, e cre que as explicacións hoxe dereonse por si mesmas; o alcalde non foi só o que tomou a decisión, xa que houbo outras tres persoas máis que tomaron esa decisión, en base a algo.

Toma a palabra o secretario para comentar:

-Que se está poñendo en dúbida o procedemento do cese, e non está mal, o que sucede é que ao Sr. García Couso non lle gusta a forma en que se fixo.

- Que nin o Regulamento de Organización nin o Regulamento Orgánico Municipal, din que teñan que subscribir os seis concelleiros o escrito, só é necesario inicialmente cando se constitúe a Corporación.

- Que o importante é que a decisión do cambio de voceiro se adoptase por maioría, que se lle notificara ao voceiro e que se dera conta ao Pleno; polo tanto é perfectamente válido.

Indica o alcalde que isto parte dunhas declaracións que o Sr. García Couso fai na prensa como voceiro, sen que se lle comentara nada ao equipo de goberno, polo tanto o cese podiano esperar.

En consecuencia con todo o exposto, a Corporación Municipal quedou enterada do cese do Sr. García Couso, como voceiro do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, e da designación da Sra. Varela Duro como nova voceira titular de dito grupo político.

Punto 2º) DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Dáse lectura dos informes emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcurran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe –con data 11 de maio de 2012-, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2012, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2012:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	73	180

Importe total	66.715,24 euros	965.542,08 euros
---------------	-----------------	------------------

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	183	119
Importe total	194.107,81 euros	156.236,65 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010)

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 3º) DAR CONTA DO INFORME COMPLEMENTARIO AO EMITIDO CON DATA 12 DE MARZO, QUE FORMA PARTE INTEGRANTE DO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2011.

Dáse conta do referido informe; cuxo contido é o seguinte:

“No informe de intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria emitido con data 12 de marzo do 2012, formando parte do expediente da liquidación do orzamento do exercicio 2011, púxose de manifesto unha necesidade de financiación en termos do SEC 95 (Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais), por importe de -184.292,71 Euros.

As conclusións exportas no citado informe eran as seguintes que se reproducen a continuación:

“Unha vez efectuados os axustes sobre as cifras dos dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas no orzamento do exercicio 2011, en termos do SEC95, obtense unha NECESIDADE DE FINANCIACIÓN de operacións non financeiras de 184.292,71 €. A necesidade de financiación de operacións financeiras ascende a 86.433,00 €.

Debe recordarse que segundo o disposto no artigo 22 do Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, e nos artigos 19 a 23 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais:

- As entidades que non cumpran o obxectivo de estabilidade orzamentaria virán obrigadas á aprobación polo pleno da corporación, no prazo de tres meses dende a aprobación da liquidación do orzamento, dun plan económico-financeiro de reequilibrio a un prazo máximo de tres anos.*
- As Entidades Locais non incluídas no ámbito de aplicación do artigo 111 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais comunicarán á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou ao órgano competente da Comundiade Autónoma que exerza a tutela financeira, os plans económico-financeiros que aprobasen.*

No momento de emitir o presente informe a Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, non adoptou acordo específico sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria manifestado a través da liquidación do orzamento das entidades locais correspondente ao exercicio 2011. Os últimos datos disponibles repóllense nos acordos adoptados pola Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local en data 28 de abril do 2011 para as liquidacións do orzamento das entidades locais correspondentes ao exercicio 2010, concretados nos seguintes puntos:

- Fixar no 0,4 % do PIB Nacional do 2010 o límite de déficit permitido as entidades locais dentro do cal estas non terán que preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económico-financeiros de reequilibrio como consecuencia das liquidacións dos exercicios 2010.*
- Establecer o 5,53 % dos ingresos non financeiros consolidados como porcentaxe a aplicar a cada entidade local, equivalente ao déficit global recollido no acordo anterior.*

Se se aplicaran os criterios indicados ao exercicio 2011, o Concello de Arzúa podería chegar a unha necesidade de financiación de 374.660,93 euros, resultado de aplicar a porcentaxe indicada (5,53%) a 6.775.062,10 €, cifra que represen dereitos liquidados por ingresos non financeiros consolidados do exercicio 2011, sen necesidade de aportar plans económico-financeiros de reequilibrio.

Unha vez se coñeza o pronunciamento da Comisión Nacional de Administración Local para a liquidación dos orzamentos das entidades locais correspondentes ao exercicio 2011, emitirase o correspondente informe para o seu coñecemento pola alcaldía-presidencia como órgano

competente para a aprobación da liquidación do orzamento, dando conta ao pleno da corporación.”

Con data 22 de maio do 2012, a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) adoptou acordo en relación coa aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria ás liquidacións dos orzamentos das entidades locais correspondente ao exercicio 2011.

No citado informe conclúese o seguinte

“Analizada la información suministrada por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en relación con las liquidaciones de los presupuestos de las Entidades locales, correspondientes al último ejercicio disponible, tal y como se recoge en el Anexo que se acompaña al presente Acuerdo, la Subcomisión de Régimen Económico, Financiero y Fiscal, establece el 4,39 por ciento de los ingresos no financieros consolidados, sin incluir el efecto de las liquidaciones definitivas de la participación de las Entidades locales en tributos del Estado correspondientes a los años 2008 y 2009, como porcentaje que corresponde a cada entidad local, equivalente al déficit global recogido en el anterior acuerdo.

ANEXO

<i>Importes en millones de euros PIB nacional año 2011 (Avance) Fuente: Contabilidad Nacional Trimestral INE</i>	1.073.383
Déficit en términos del PIB nacional para determinar la exención a las Entidades Locales de aprobar planes económico-financieros, aplicable a sus presupuestos consolidados liquidados del ejercicio 2011.	En porcentaje del PIB 0,3%
	En valores absolutos 3.220,1
Total Ingresos No Financieros consolidados de las Entidades locales según sus liquidaciones de presupuestos correspondientes al último ejercicio disponible.	73.403,29
Déficit en términos de los Ingresos No Financieros consolidados aplicable a todas las Entidades locales.	4,39%

”

Aplicando esta porcentaxe aos dereitos recoñecidos por ingresos non financeiros (capítulo 1 a 7 do orzamento de ingresos), a cifra por debaixo da cal o Concello de Arzúa, á vista dos datos que se desprenden da liquidación do orzamento do exercicio 2011, non tería que presentar plan económico de reequilibrio sitúase en 297.425,23 €.

Polo tanto, á vista da cifra de necesidade de financiación que se desprende da liquidación orzamentaria do exercicio 2011 (184.292,71 €), infórmase que esta Administración Local queda exenta da obriga de presentar plan económico financeiro de reequilibrio, por fixarse a súa necesidade de financiación no 2,76% dos ingresos non financeiros”

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

MOCIÓNS

Antes de pasar a rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na Orde do día que achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non tiña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifestando o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Pintor Vázquez que desexaba presentar unha moción sobre a Lei de Demarcación e de Planta Xudicial.

E así, previa concesión do uso da palabra, procedeuse a tratar sobre a referida moción, facendo entrega dito concelleiro aos restantes membros da Corporación Local dunha copia da mesma; sendo o seu texto o seguinte:

“O 19 de abril pasado, o Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou un documento no que propón a modificación do deseño das plantas xudiciais en España.

Polo que se refire a Galicia, dito documento propón unha drástica redución dos partidos xudiciais actualmente existentes polo que pasaríamos de 45 partidos xudiciais a 13, polo que Arzúa quedaría sen xulgado que pasaría ao concello de Santiago de Compostela.

Esta reforma proposta polo Consello Xeral do Poder Xudicial, e que o Ministro de Xustiza quere asumir, non supón en ningún caso unha modernización da Administración de Xustiza, senón todo o contrario. Dita medida, unida a da suba das taxas xudiciais, supón unha nova traba aos cidadáns para o acceso o dereito a tutela xudicial efectiva. A xustiza, pasará a ser ademais lenta, cara e lonxana.

Desde o PSdeG-PSOE vimos defendendo a necesidade de modernizar a Administración de Xustiza, pero diferimos do modelo que propón o CXPX. A Administración de Xustiza se moderniza coa reforma das leis procesuais, coa regulación de solucións extraxudiciais alternativas, coa racionalización de medios materiais e persoais existentes, coa dotación de máis e mellores medios, coa informatización adecuada dos Tribunais etc.

A proposta do CXPX ademais de non resultar rendible dado o momento de dificultades económicas que estamos a sufrir (pois suporía a creación de grandes sedes xudiciais nas 13 demarcacións que propón para Galicia), non se axusta as características xeográficas nin sociais do noso país, nin concretamente ás de Arzúa e o

seu partido xudicial, onde existe unha gran dispersión poboacional, e suporá que cidadáns se teñan que desprazar a sedes xudiciais lonxanas, que no caso de Arzúa sería a Santiago de Compostela, coas súas correspondentes dificultades de mobilidade e cos gastos económicos que leva aparellada a suba das taxas.

Desde o PSdeG-PSOE amosamos o noso total rexeitamento, porque ademais do que xa se expuxo, a supresión do xulgado de Arzúa, suporía para o noso Concello graves prexuízos na súa economía local.

A maiores, o Goberno do PP ven de aprobar o Anteproxecto de Reforma das taxas xudiciais, o que supón un copago ou repago polos xusticiables dos servizos da Administración de Xustiza.

Queda lonxe a Lei 25/1986 de 24 de decembro aprobada polo Goberno Socialista, que suprimira absolutamente as taxas xudiciais, facendo así a mais cabal interpretación do disposto na Constitución Española.

O retorno a rancia institución das taxas xudiciais, ten como escusa, segundo o goberno do PP evitar o exceso de litioxidade, pero en realidade nos atopamos ante un claro ataque frontal o principio constitucional da tutela xudicial efectiva. Os remedios para evitar a conxestión psan por elevar o número de xuíces, optimizar a produtividade, con aplicación de recursos técnicos do noso tempo e en último termo, potenciar como xa se expuxo as solucións alternativas ao proceso tales como a arbitraje e a mediación. Lonxe disto, o PP pretende solucionar o problema creando unha xustiza de dúas velocidades: unha de ricos e urbanos fronte a outra de para as rendas medias e baixas e que viven en vilas e pobos máis pequenos.

Por todo o cal, o grupo municipal socialista de Arzúa, somete a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopte o seguinte acordo:

-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia, a fin de que inste ao Goberno do Estado para que non de validez algunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes e, concretamente, que o Xulgado de 1ª Instancia siga en Arzúa.

-Instar a Xunta de Galicia, a fin de que inste o Goberno do Estado que proceda a retirar o anteproxecto de reforma das taxas xudiciais.

-Dar traslado deste acordo ao Consello de Avogacía, á Xunta de Galicia, ao CXPJ e ao Ministerio de Xustiza”.

Argumenta a urxencia de tratar esta moción, en base a que todos os concellos xa fixeron as súas manifestacións, e se se quere facer de forma institucional faise, e senón presentamos esta moción para manifestar o rexeitamento a o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Indica o alcalde que púdose esperar ata a semana para sacar o comunicado conxunto dos tres grupos políticos representados nesta Corporación Local.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao seu debate e votación.

Deseguido abriuse unha rolda de debate, realizándose as seguintes intervencións:

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que está de acordo en todo o que dixo o Sr. Pintor Vázquez, menos nunha cousa, que quedamos en presentar un escrito conxunto todos os partidos políticos representados nesta Corporación, e pensou que se ía ter a paciencia –para facer ese comunicado- a que pasase o tema dos orzamentos.

- Que, cando se chega ao acordo de presentar todos os grupos políticos un escrito conxunto, cre que se debe presentar desa maneira.

-Que esta en contra da supresión do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Arzúa; pero tamén hai que dicir que esa idea naceu do anterior Ministro de Xustiza, o Sr. Caamaño.

- Que esta de acordo coa moción do Sr. Pintor Vázquez, pero pensa que se debería de haber feito doutro modo; polo tanto vaise abster, non polo fondo senón polo forma, e quere dicir que, se se quedara de falar, debería esperarse para facer algo en conxunto os grupos políticos.

Intervén o alcalde para propoñer que, tendo en conta esta moción e calquera outro argumento que poida presentar o BNG ou o PP, se faga algo conxunto, poñendo agora un prazo.

*Indica o Sr. Pintor Vázquez:

-Que nunha reunión chegouse a un acordo de facer un comunicado conxunto, non de facer unha moción conxunta.

-Que, como pasou bastante tempo e no se facía o comunicado, presentou a moción.

-Que o ministro anterior, Sr. Caamaño, fai alusión a reforma da xustiza pero sin quitar os xulgados de 1ª Instancia.

Indica o Sr. Orois Valiño que si se quere poñemos un día da semana que ven, para reunirmos e facer algo de maneira conxunta.

Ante a insistencia do Sr. Pintor Vázquez de que se someta a votación esta moción, o Sr. alcalde indicou que, aínda que se vote agora esa moción, pódese facer igual un comunicado en conxunto.

Manifesta o Sr. Orois Valiño que está de acordo en que nos reunamos un día os representantes dos grupos políticos, para facer algo conxunto en relación co tema da supresión do xulgado.

Chegado este momento, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén a moción presentada;

Pronunciándose os trece membros que integran esta Corporación Local, no sentido de adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a fin de que inste ao Goberno do Estado para que non de validez algunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes e, concretamente, que o Xulgado de 1ª Instancia siga en Arzúa.

Segundo.- Instar a Xunta de Galicia, a fin de que inste o Goberno do Estado que proceda a retirar o anteproxecto de reforma das taxas xudiciais.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Consello de Avogacía, á Xunta de Galicia, ao CXPJ e ao Ministerio de Xustiza.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Polo Sr. Pintor Vázquez formularonse os seguintes **ROGOS** ao Sr. alcalde:

I) Para que na zona de carga e descarga da rúa Juan Vidal se poñan unhas pegatinas indicativas dunhas horas determinadas para poder aparcar, e se faga en contacto cos comerciantes e ca policía municipal, porque os cidadáns tamén teñen que ter unhas garantías para poder saber a que hora poden aparcar.

Manifesta o alcalde que xa falou cos policías locais e estamos valorando poñelas.

II) Que, como saíu na prensa que se presentaron dúas facturas por un gabinete xurídico, referidas de dúas sentenzas: unha penal e outra contencioso-administrativa, pide que se lle explique que foi o que pasou, porque parece ser que unha é correcta e outra foi devolta para que se reintegre o seu importe.

Manifesta o Sr. alcalde que, polo que lle dixeron os servizos xurídicos, unha das facturas é incorrecta, e ten que dicir que ese gabinete xurídico lle mandou unha carta

decíndolle que estaban dispostos a devolver os cartos. Esa factura presentouseme aos quince días de tomar posesión como alcalde, asinouna e agora estase subsanando o erro.

Intervén a interventora para indicar que ese procedemento de reintegro atópase actualmente no trámite de audiencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22:55 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.